



PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **MÚSICA E CULTURAS**

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLOS DECRETOS 163/2015 E 171/2016)

CURSO 2023-24

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: MÚSICA E CULTURAS										
ESPECIALIDADES	Todas				ITINERARIOS			Todos		
CARÁCTER	Formación básica				TIPO DE CLASE			Colectiva		
DEPARTAMENTO	Musicoloxía				XEFE DE DEPARTAMENTO			Sergio Añón Lijó		
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR DA DISCIPLINA			Sergio Añón Lijó		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais	2
ECTS/CUADRIMESTRE					3				Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				EMAIL / TLF. /WEB			TITORÍA		
	Sergio Añón Lijó				sergioanonlijo@edu.xunta.es			Xoves, 11:00-12:00		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR	
<p>Introdución ao estudo cultural da música: conceptos, fontes e metodoloxía. Coñecemento e estudo comparativo das características musicais das diferentes culturas. A música de tradición oral e músicas populares urbanas: evolución histórica e situación actual. O papel dos medios de comunicación. Estudos de xénero aplicados á música.</p>	
COÑECEMENTOS PREVIOS	
<ul style="list-style-type: none"> -Un axeitado nivel de comprensión lectora e expresión oral e escrita. -Un axeitado nivel de coñecementos sobre xeografía e historia, historia da arte e historia da música. -Un mínimo nivel de comprensión lectora en lingua inglesa. -Un manexo medio dun procesador de texto e un software para presentacións. 	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	
<p>A trama que conforman os contidos das disciplinas de formación básica constitúen esa base imprescindible que permite acadar unha comprensión completa do feito musical tanto no ámbito interpretativo, como no compositivo e no pedagóxico. No caso concreto da Música e Culturas, existe unha complementariedade obvia coas disciplinas de Historia da Música, Historia dos Instrumentos, Organoloxía e Análise.</p>	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, T3, T4, T8, T16, T17.
COMPETENCIAS XERAIS:	X10, X11, X12, X14, X16, X17, X26.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC1, EI1, EI4, EM1, EP6.
Ver a lista e descrición de competencias nos decretos 163/2015 e 171/2016.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Valorar a música como expresión xenuína e característica do ser humano tanto a nivel individual como no seu comportamento social.	T16, T17. X10, X12, X26. EP6.
2. Promover unha reflexión crítica sobre o coñecemento histórico e cultural, as súas potencialidades e os seus límites.	T2, T8, T17. X10, X14, X26.



3. Contextualizar a actividade musical en relación ao conxunto de manifestacións culturais que se desenvolven nunha determinada sociedade.	T3, T4, T8, T16, T17. X10, X12, X14, X16, X17, X26. EP6.
4. Comprender e valorar a dimensión social da música e a súa importancia dentro de procesos intra e interculturais.	T4, T8, T16, T1. X10, X12, X14, X16, X17, X26. EP6.
5. Adquirir coñecementos xerais sobre os procesos de transmisión e difusión da música.	T2, T3, T4, T8, T16, T17. X10, X11, X12, X14, X16, X17, X26.
6. Coñecer e comprender as principais características e funcións das actividades musicais de diversas culturas.	T3, T4, T16, T17. X10, X11, X12, X14, X16, X17, X26. EC1, EI1, EI4, EM1, EP6.
7. Coñecer os diferentes enfoques e campos de estudo dentro da etnomusicoloxía, dende os seus antecedentes ata os nosos días.	T2, T3, T4, T8, T17. X10, X12, X14, X16, X26.

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

TEMA	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
Introdución.	Presentación do alumnado, contidos, lecturas e ferramentas de avaliación.	0,5
Conceptos xerais.	Definicións de música e taxonomías. Disciplinas, perspectivas e paradigmas.	0,5
A atención ao «outro musical».	Humanismo e conquista. Racionalismo e Ilustración.	0,5 0,5
A atención ao rural.	Romanticismo e nacionalismo. Estudos do folclore musical.	0,5 0,5
Sistematización dos estudos.	O fonógrafo. Alexander John Ellis.	0,5 0,5
A escola de Berlín.	A musicoloxía comparada. A pescuda de universais.	1 1
A etnomusicoloxía.	A influencia da antropoloxía. Alan Merriam.	1 1
Outras influencias.	Estruturalismo e semioloxía. Fenomenoloxía e hermenéutica.	0,5 0,5
Novos enfoques.	Procesos interculturais: transculturación e globalización. Música e identidade: descolonización e estudos de xénero. Músicas populares urbanas: valor e función; rito e festa.	0,5 0,5 0,5
A música nas diversas sociedades.	Estudo de casos.	3,5
Actividades complementarias e de repaso		2
TOTAL SESIÓNS:		16

5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introductorias	1	0	1
Exposición maxistral	8	0	8
Análise guiada e comentario de fontes	10	10	20
Pescuda de información	0	10	10
Realización de traballos	0	22	22
Exposición de traballos	8	0	4
Repaso individual	0	12	12
Actividades complementarias	2	4	6
Actividades de avaliación	2	0	2
Avaliación do proceso	1	0	1
TOTAL HORAS:	32	58	90



6. AVALIACIÓN

6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA

6.1.1. AVALIACIÓN ORDINARIA CON AVALIACIÓN CONTINUA

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN*	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<p>Seguimento continuado durante as clases, tendo en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comentarios ás lecturas base, traballos expostos e propostas de reflexión e debate. -Entrega voluntaria de recensións de lecturas complementarias (globais ou parciais) ou memorias de actividades relacionadas coa materia. 	<ul style="list-style-type: none"> -Participación construtiva. -Asimilación dos contidos. -Uso correcto dos conceptos e terminoloxía estudados. -Capacidade de concreción e síntese. -Capacidade para relacionar ideas e conceptos. -Claridade e orde na exposición das ideas. -Adecuación do rexistro lingüístico. -Claridade e orde na exposición oral. -Capacidade para traballar en grupo. -Corrección gramatical e ortográfica. 	T2, T3, T4, T8, T16, T17. X10, X11, X12, X14, X16, X17, X18, X26. EC1, EI1, EI4, EM1, EP6.	20 %
<p>Exposicións de traballos</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Capacidade para traballar en grupo. -Claridade e orde na exposición oral. -Emprego das TIC e adecuadas ferramentas comunicativas verbais e non verbais na exposición oral. -Axeitada referencia ás fontes empregadas. -Claridade e orde na exposición das ideas. -Adecuación do rexistro lingüístico. -Corrección gramatical e ortográfica. 	T2, T3, T4, T8, T16, T17. X10, X11, X12, X14, X16, X17, X18, X26. EC1, EI1, EI4, EM1, EP6.	30 %
<p>Probas escritas que incluírán:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Preguntas longas a desenvolver. -Cuestións puntuais en preguntas curtas. -Comentarios de textos. -Comentarios de audicións. 	<ul style="list-style-type: none"> -Asimilación dos contidos. -Uso correcto dos conceptos e terminoloxía estudados. -Coñecemento e identificación do repertorio proposto e as súas características. -Capacidade de concreción e síntese. -Capacidade para relacionar ideas e conceptos. -Claridade e orde na exposición das ideas. -Adecuación do rexistro lingüístico. -Corrección gramatical e ortográfica. 	T2, T3, T8. X10, X11, X12, X14, X16, X17, X18, X26. EC1, EI1, EI4, EM1, EP6.	50 %

OBSERVACIÓNS

- Os alumnos que superen as 4 faltas de asistencia perderán o dereito á avaliación continua (ver avaliación alternativa).
- Incorrer en plaxio (non facer a adecuada referencia ás fontes empregadas) nalgunha actividade ou o emprego de calquera fonte ou ferramenta non permitida nunha proba implica unha cualificación global de 0 na disciplina.
- Poderanse conceder matriculas de honra ao 5 % do alumnado coas mellores cualificacións, sempre que acaden como mínimo un 9.
- *Concreción dos criterios de avaliación comúns ás titulacións das ensinanzas artísticas superiores n.ºs 6, 8, 10, 11, 13, 14 e xerais do/a titulado/a superior de Música n.ºs 9, 10, 17, 18, 20, 30.

6.1.2. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA) (Alumnos que superen as 4 faltas por cuadrimestre establecidas no centro polo consello escolar)

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN*	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<p>Exame final que incluírá:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Preguntas longas a desenvolver. -Cuestións puntuais en preguntas curtas. -Comentarios de textos. -Comentarios de audicións. 	<ul style="list-style-type: none"> -Asimilación dos contidos. -Uso correcto dos conceptos e terminoloxía estudados. -Coñecemento e identificación do repertorio proposto e as súas características. -Capacidade de concreción e síntese. -Capacidade para relacionar ideas e conceptos. -Capacidade para relacionar contidos de forma diacrónica e sincrónica. -Claridade e orde na exposición das ideas. -Adecuación do rexistro lingüístico. -Corrección gramatical e ortográfica. 	T2,T3,T8. X10, X11, X12, X14, X16, X17, X18, X26. EC1, EI1, EI4, EM1, EP6.	100 %

OBSERVACIÓNS

- Os alumnos que superen as 4 faltas de asistencia terán dereito a se presentar a un exame final na data fixada polo centro dentro do calendario de exames da convocatoria ordinaria (terceira semana de xaneiro). Neste exame non se terán en conta posibles reducións de materia ou calquera outra consideración feita durante as clases, contemplando todos os contidos, todas as ferramentas de avaliación e todas as referencias básicas da bibliografía (incluíndo os contidos e audicións do texto e o CD de **Elizabeth Sharma**).
- O emprego de calquera fonte ou ferramenta non permitida no exame implica unha cualificación global de 0 na disciplina.
- *Concreción dos criterios de avaliación comúns ás titulacións das ensinanzas artísticas superiores n.ºs 6, 8, 10, 11, 13, 14 e xerais do/a titulado/a superior de Música n.ºs 9, 10, 17, 18, 20, 30.



6.1.3. ADIANTO DE CONVOCATORIA

Os alumnos aos que lles reste so esta materia para rematar o plan de estudos poderán solicitar á xefatura de estudos un adianto da convocatoria ordinaria a finais de novembro, o que implica a súa avaliación segundo o procedemento de avaliación alternativa arriba exposto. A data do exame será fixado e comunicado ao alumno unha vez aprobada a súa solicitude.

6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Os alumnos que non superen a convocatoria ordinaria contan cunha convocatoria extraordinaria que o centro fixará dentro da primeira semana do calendario de exames (terceira semana de xuño). A súa avaliación seguirá o procedemento de avaliación alternativa arriba exposto.

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p>Así mesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

REFERENCIAS BÁSICAS

Brown, Michael F. «Relativismo cultural 2.0». En *Textos de antropología contemporánea*, compilado por Francisco Cruces Villalobos y Beatriz Pérez Galán, 25-57. Madrid: UNED, 2010.

Cámara de Landa, Enrique. *Etnomusicología*. Madrid: ICCMU, 2004.

Cruces Villalobos, Francisco, ed. *Las culturas musicales: Lecturas de etnomusicología*. Madrid: Trotta, 2008.

Martí i Pérez, Josep. «Hacia una antropología de la música». *Anuario musical: Revista de musicología del CSIC*, n.º 47 (1992): 195-226.

May, Elizabeth, ed. *Musics of Many Cultures*. Berkeley: California University Press, 1980.

Miller, Terry E., e Andrew C. Shahriari. *World Music: A Global Journey*. 4.ª ed. Nova York: Routledge, 2017.

Sharma, Elizabeth. *Músicas del mundo*. Madrid: Akal, 2006.

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

Alonso, Celsa, Julio Arce e Teresa Fraile Prieto. *Creación musical, cultura popular y construcción nacional en la España contemporánea*. Madrid: ICCMU, 2011.

Blacking, John. *¿Hay música en el hombre?* Madrid: Alianza, 2006.

García Martínez, José María. *La música étnica: Un viaje por las músicas del mundo*. Madrid: Alianza, 2002.

Nettl, Bruno. *Música folklórica y tradicional de los continentes occidentales*. Madrid: Alianza, 1996.

Recasens Barberà, Albert, ed. *A tres bandas: Mestizaje, sincretismo e hibridación en el espacio sonoro iberoamericano*. Madrid: Akal, 2010.

Wade, Bonnie C. *Thinking Musically: Experiencing Music, Expressing Culture*. 3.ª ed. Oxford: Oxford University Press, 2013.

OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS

Os alumnos deben estar inscritos no curso da materia na plataforma Aula Cesga. Todas as entregas faranse en 'Tarefas', onde están descritas con detalle. En 'Documentos' facilitáanse diferentes materiais de estudo, sendo de especial importancia a presentación elaborada polo profesor. En 'Enlaces' atópanse recursos que o alumnado precisan coñecer e empregar. Entre as webs enlazadas cómpre destacar as seguintes:

SIBE. *Sibetrans*. <https://sibetrans.com/>.

Smithsonian Institution. *Folkways*. <https://folkways.si.edu/>.

UNESCO. *Intangible Cultural Heritage*. <https://ich.unesco.org/en/lists>.

RECURSOS MATERIAIS NA AULA

- Ordenador con conexión a internet, canón de vídeo e encerado electrónico para a proxección dos contidos audiovisuais.
- Reprodutor multi-formato.
- Fondos bibliográficos básicos para a consulta na aula: dicionarios e manuais de referencia.
- Material didáctico: gravacións, partituras, recursos audiovisuais...